

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 6 de setembro de 2016 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción Itinerario peonil e ciclista na AC-429, treito Neaño-Cabana, p.q. 2+176 - 3+740, de clave AC/16/053.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados.

Antecedentes.

A Lei 8/2013, de estradas de Galicia, determina no seu artigo 6.2 que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñen a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia. Os obxectivos da dita estratexia son o desenvolvemento duns sistemas de transporte que reduzan ao mínimo as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

Os beneficios esperados co fomento da mobilidade alternativa son o uso de modos de transporte non motorizados, a mellora da mobilidade, da calidade do aire, da saúde, da igualdade e benestar, da economía, do patrimonio e do urbanismo.

Con data do 27 de maio de 2016, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o documento de Fomento da mobilidade sustentable. Sendas peonís e/ou ciclistas na comarca de Bergantiños, onde unha das sendas propostas era un itinerario peonil e ciclista na AC-429, que agora se desenvolve mediante o proxecto construtivo Itinerario peonil e ciclista na AC-429. Treito Neaño-Cabana p.q. 2+176 - 3+740, de clave: AC/16/053.06. Este proxecto ten por obxecto a execución dunha senda compartida peón-bicicleta que percorre desde o límite de Ponteceso, no río Anllóns, ata o paseo marítimo de Laxe, coa finalidade de desenvolver unha solución óptima para solucionar as necesidades apreciadas, fomentar a mobilidade sustentable e incrementar a seguranza viaria da zona.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de infor-



mación pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Coruña (r/ Vicente Ferrer, 2, 15008 A Coruña) e na Casa Consistorial de Cabana de Bergantiños (A Carballa, s/n, 15115 Cabana de Bergantiños, A Coruña). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://www.civ.xunta.es/tema/c/Infraestruturas_Estradas) atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2016

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: gy26jir5-3mz0-0aa7-0ie9-eyesfj3dtcj4





ANEXO

Relacion de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción: Itinerario peonil e ciclista na AC-429, treito Neaño-Cabana, p.q. 2+176 - 3+740
Clave AC/16/053.06

Concello de Cabana de Bergantiños.

Núm.	Referencia catastral	Polígono	Parcela	Propietario	Bens afectados	Superf. (m²)	Situación	Uso
1	6961501NH0876 S0001ZO			Souto Barreira, Eulogia		3,00	Urbanizado	Sen edificar
2	6961505NH0866 S0001AT			Varela Eiroa, María Isabel		10,00	Urbanizado	Sen edificar
3	6961510NH0866 S0001YT			Blanco Fondo, María	1 cancela de aceiro 1 muro de bloque	45,00	Urbanizado	Sen edificar
4	6961509NH0866 S0001QT			Cundins Pet, María Mercedes, herdeiros de	1 muro de bloque 2 bancos de pedra	25,00	Urbanizado	Sen edificar
5	6961511NH0866 S0001GT			Méndez García, María del Carmen		27,00	Urbanizado	Sen edificar
6A	6961302NH0866 S0001XT			Castro Facal, Manuela, herdeiros de		67,00	Urbanizado	Edificado
6B	6961301NH0866 S0001DT			Castro Facal, Manuela, herdeiros de		121,00	Urbanizado	Sen edificar
7	6961202NH0866 S0001KT			Cancela Amado, Josefa	1 banco de pedra	206,00	Urbanizado	Sen edificar
8	15014A02900348 0000AF	29	348	Castro Domínguez, María e outra		123,00	Urbanizado	Sen edificar
9	15014A02900347 0000AT	29	347	Ameijenda Souto, Manuel e outra	1 muro de bloque	95,00	Urbanizado	Sen edificar





Núm.	Referencia catastral	Polígono	Parcela	Propietario	Bens afectados	Superf. (m ²)	Situación	Uso
10	15014A02900346 0000AL	29	346	Ameijenda Souto, Manuel e outra		100,00	Urbanizado	Sen edificar
11	15014A02900425 0001SR	29	425	Esmorís Cancela, Ramón e outra		81,00	Urbanizado	Sen edificar
12	15014A02900345 0000AP	29	345	Esmorís Cancela, Ramón e outra		53,00	Urbanizado	Sen edificar
13	001203600NH08 F0001DI			Blanco Blanco, Carmen e outros		53,00	Urbanizado	Sen edificar
14	001202900NH08 F0001MI			Blanco Blanco, Carmen		41,00	Urbanizado	Sen edificar
15	15014A02900343 0000AG	29	343	Méndez Lema, Maximino, herdeiros de		118,00	Urbanizado	Sen edificar
16	15014A02900342 0000AY	29	342	Fariña Rama, Manuel		33,00	Rural	Labor
17	15014A02900418 0000AD	29	418	Pose Baña, Lucía e outro		11,00	Rural	Labor
18	15014A02900400 0000AH	29	400	Figueiras Lema, María Josefa		31,00	Rural	Labor
19	Non hai datos	29	190	Costa Lema, Amparo		77,00	Rural	Labor
20	15014A02900182 0000AB	29	182	Barreira Ameijenda, Evaristo		6,00	Rural	Labor
21	15014A02900179 0000AB	29	179	Figueiras Souto, Magdalena		9,00	Rural	Labor
22	15014A02900178 0000AA	29	178	Figueiras Souto, Alfredo		8,00	Rural	Labor



Núm.	Referencia catastral	Polígono	Parcela	Propietario	Bens afectados	Superf. (m²)	Situación	Uso
23	15014A02900177 0000AW	29	177	Gagino García, Jesús		9,00	Rural	Labor
24	15014A02900141 0000AS	29	141	Verdes García, Mercedes		8,00	Rural	Labor
25A	15014A02900142 0000AZ	29	142	Mourelle Pose, Isabel		1,00	Rural	Labor
25B	15014A02900142 0000AZ	29	142	Mourelle Pose, Isabel		8,00	Rural	Labor
26	15014A02900397 0000AZ	29	397	Cundins Ternade, José e outra		18,00	Urbanizado	Sen edificar
27	15014A02600606 0000AP	26	606	Villar Nogueira, Dolores Carmen		4,00	Urbanizado	Sen edificar
28	15014A02600150 0000AZ	26	150	Xunta de Galicia	1 muro de bloque	44,00	Urbanizado	Sen edificar